




<http://www.ciberlingua.org>

### XINCANA. FEIRA DA INFANCIA E XUVENTUDE DE VIGO 2002

Nome e apelidos		Teléfono	
-----------------	--	----------	--

1. Encrucillado: resolve o encrucillado e descubrirás un dos lemas máis repetidos nos últimos tempos:



A. O cantautor portugués Zeca Afonso gravou en 1971 un dos seus mellores discos titulado “Cantigas do Maio” que contén a súa obra mestra “Grândola Vila Morena”, himno da Revolución dos Cravos. En qué época do ano se gravou este disco.

B. Vigo conta co único zoolóxico existente en Galicia. Este zoo conta con páxina web [www.vigozoo.com](http://www.vigozoo.com). Visítala e descubre en qué mes de 1971 se inaugurou.

C. O concello de Ferrol conta cun xardín didáctico dun recurso imprescindible nas nosas vidas, a auga. Este xardín chámase Aquaciencia. Logo de descubrires o seu enderezo mergúllate e descubre o país de orixe da “nora de pedais”.

D. Un equipo de terceira división dun coñecido barrio vigués estreouse esta temporada con derrota no seu propio campo. ¿De onde é o combinado que foi quen de vencer a este “veloz” equipo de Vigo?. Pista: na radio e na televisión de Galicia dan moito fútbol.

E. Nun web sobre o patrimonio cultural de Vigo podes atopar información sobre a Batalla de Rande (da que se celebrou o seu terceiro centenario). ¿Poderías descubrir qué estado europeo colaborou cos ingleses para gañar esa batalla?

F. A edición 2002-2003 de Ciberlingua botou a andar cos obradoiros de Internet para o profesorado. ¿Poderías descubrir en qué mes comezaron estes obradoiros?

G. O concello de Vigo conta con 24 parroquias. Nunha destas parroquias, concretamente na de Matamá, podemos atopar a Igrexa de San Pedro. ¿A que estilo arquitectónico pertence?

H. O Correlingua é unha das máis importantes iniciativas que se fan no país a prol da nosa lingua. Na edición de 2002 contouse coa presenza do músico e actor Xurxo Souto; pero ¿poderíanos dicir qué grupo de teatro actuou na primeira edición do Correlingua?

I. A Universidade Popular de Vigo ofrece cursos de música, artes e idiomas tanto para xente nova coma para adultos. ¿Saberías dicir cántos obradoiros ofrece o seu Conservatorio de Música Tradicional?



GALEGO 21.org





<http://www.ciberlingua.org>

2. Na páxina da “Asociación a favor do bosque caducifolio galego” <http://www.abcpa.org/> podemos atopar unha canción de protesta contra a catástrofe do Prestige.

¿De onde é o alemán do que fala a letra?

3. “A danza das areas” é o título dun disco gravado por unha coñecida cantante galega. Na páxina <http://www.ghastaspista.com> podemos atopar as letras e fragmentos de cada canción.

¿De quen é a letra e música da canción “Aquí em baixo”?

4. Na Biblioteca Virtual Galega podemos descargar en audio unha das obras do autor ao que está dedicado este ano o día das Letras Galegas.

¿De que obra se trata?

5. Existe unha proposta de crear unha cadea humana de profesores e alumnos entre dous puntos da costa afectados pola marea negra.

¿Quen realiza a convocatoria?

6. O ilustrador da obra de literatura xuvenil “Perigo Vexetal” é tamén o debuxante dunha das poucas series de animación da TVG.

¿Cal é esa serie? Unha pistaña: na páxina da TVG podes obter información sobre todas as súas producións.

7. A cidade de Vigo conta desde non hai moito cun xornal dixital.

¿En que enderezo podemos atopalo?

8. Xacobo é o protagonista dunha coñecida novela de Suso de Toro. Recentemente estreouse o filme baseado nesta novela.

¿Quen é o director da película?



GALEGO 2 I.org

